



II MEMORIAL RAMÓN ESCUDEIRO TILVE

Do 4 ao 8 de decembro

“Unha primeira xogada especial”.

A Escola Xadrez de Pontevedra máis o Casino Mercantil e Industrial Pontevedrés, comezan a andaina da segunda proba internacional de xadrez en homenaxe a Ramón Escudeiro Tilve. Un gran deportista, e aínda mellor persoa, que permanece na memoria de todos os que tiveron a sorte de ser testemuñas do seu exemplo de superación deportiva e vital. Unha semana na que os pontevedreses poderán lembrar como o viron crecer e gozaron dos seus grandes éxitos.

Chegadas as seis da tarde, a familia de Ramón, na persoa da súa nai, facía a “xogada de honra”, a xogada inicial das pezas brancas do taboleiro número 1, un movemento que supuña o comezo do II Memorial Ramón Escudeiro.

A retransmisión en liña do evento, de novo achegará a milleiros de persoas o espectáculo do deporte-ciencia que se está a vivir en Pontevedra. Navegando pola páxina web www.xadrezpontevedra.com os espectadores terán a oportunidade de coñecer a nosa cidade e un chisco máis da vida de Ramón.

Rolda 1. Crónica:

“Sen sorpresas na primeira das batallas”

Máxima concentración dende o primeiro intre da competición, así ningún dos favoritos se viu sorprendido nesta rolda inicial. Vitorias dos Mestres Internacionais Daniel Rivera, Juan Gil, Manuel Pérez e Pablo García. Pablo, o Mestre Internacional pontevedrés, e adestrador de Ramón xunto con Daniel Rivera, defende o título de Campión acadado na primeira edición.

O azar deparounos un enfrontamento interxeracional entre o xogador de maior idade e o máis cativo. Carlos Castejón con 77 anos, fronte a Martín Montes de tan só 6, ¡máis de 70 anos de diferenza!!. Desta vez, a experiencia impúxose a vitalidade e maior enerxía da mocidade, e foi o veterano quen derrotou ó benxamín.

Non podían faltar á cita aqueles cos que tantas horas de xadrez, pero sobre todo, tantos bos momentos compartiron, os xogadores da ONCE, chegados dende Tenerife, Madrid, Valladolid e por descontado os compañeiros galegos. Aqueles que non se puideron desprazar, foron os primeiros en enviar os seus mellores desexos a través das redes sociais.

O venres dispútase a segunda das sete roldas programadas, que poderemos seguir en directo e de balde, no Salón de Actos do Casino Mercantil, ou ben a través da páxina web oficial, www.xadrezpontevedra.com

Pablo García
Escola Xadrex de Pontevedra
pablogarcia@xadrezpontevedra.com
Tel. 646524394